

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

O pasado 26 de outubro mantívose unha nova reunión de Comité, na que se trataron os seguintes temas:

- Resposta da proposta do cambio de cómputo, calendarios laborais e plan de vacacións 2018.-

A empresa unha vez analizada a nosa proposta da anterior reunión, de comezar a cobrar as horas extras a mes vencido, que se xeren, unha vez cuberta a débeda de 30 horas coas que saen a maioría dos calendarios laborais, manifesta que tecnicamente é posíbel, pero que é preciso facer un control manual tendo que darse unhas condicións específicas para poder levalo a cabo. **Dende a CIG manifestámoslles que non estabamos de acordo coas condicións que pretenden impoñer de facer calendarios laborais con 162 horas/mes, repartindo os servizos de 24 horas en 4,5 xornadas,(4,5 traballadores/as), xerando isto un excedente de persoal, realizando horas extras e tendo que prescindir de traballadores/as actualmente contratados.** Este modelo o rexeitamos enerxicamente e como xa manifestamos na anterior reunión non vamos a cambiar horas extras por postos de traballo. Tamén púxose de manifesto a inexistente vontade por parte da empresa a mudar o modelo en base a proposta realizada e non o fai porque non lle da a real gana, **porque si e posíbel, como se lle demostrou que se está a levar a cabo noutras delegacións.**

Queda pendente para o mes unha reunión para dar o visto e prace dos calendarios laborais e plan de vacacións.

- Uniformidade.-
Instáselle a empresa a que realice o reparto da uniformidade. A empresa comprométese a repartila durante a primeira semán de novembro. Voltáselle **solicitar as luvas anticorte para os servizos que están pendentes desta prenda**, comunicando que están pedidos e que contan que cheguen nun prazo de tres semáns, xa que os que se pediron non foron suficientes. Asemade, a empresa comunica que **está previsto cambiar a uniformidade para 2018.**
- Cómputo de permisos retribuídos.-
É preciso recordar que este tema, xa o levou a CIG a reunión do comité de empresa de outubro de 2016, porque a empresa non estaba pagando os permisos retribuídos cando coincidían con libres, abonándose a partir desa data. Naquela xa se lle instou a empresa a que tiña que abonar ditos permisos según a xornada de traballo que se realizara no día solicitado, ao que manifestou que seguiría aboándoos según o acordado nas Medidas de Acompañamento aprobadas no ERE de 2012. **Os que agora veñen a reclamar que se abonen os permisos retribuídos como vimos dicindo dende a CIG dende o ERE**

Enderezo electrónico: cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Pedro Pérez Caride 663 075 080 Xose Ramón Robes Campos 679 354 491

Fructuoso Carballo Alvarez 666 085 437 Miguel A. Fernández Glez. 636 807 373

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

estatal de 2012, non son mais que os que asinaron esas Medidas de Acompañamento e que ate agora se estiveron xactando que estas medidas estaban en vigor, "sine die", ou sexa sen data de caducidade, e da cal por certo acaba de saír unha sentenza da Audiencia Nacional, (146/2017) que da razón a Securitas dicindo "Se desestima la demanda, por cuanto ninguno de los preceptos, alegados poder el demandante, aclara el módulo horario aplicable a las licencias y permisos retribuídos, **debiendo aplicarse, por ello, el acuerdo alcanzado entre la empresa y toda la representación sindical, (UGT-CCOO-USO) incluída la demandante (CSIF), en el que se pactó precisamente que debía aplicarse la jornada de 5,335 horas, equivalente a 5 horas y 19 minutos, tratándose de un acuerdo vigente, fruto de la negociación colectiva, que tiene eficacia general**", isto é o que se pode resumir de dita sentenza, e agora hai quen ven de "mesias salvador", e quere dicir aquí o contrario do que asinou. Pois ben, nos aledamos de que se aprenda dos erros, e que esta vez estean ao carón de quen defende os intereses dos traballadores/as e non os da empresa.

- Seguros de automóviles en recintos portuarios.-
A empresa comunica que pedirá información para clarificar a cobertura dos seguros dos automóviles da empresa.
- Horarios e novo persoal en Mobile.-
A empresa comunica que hai persoal novo en Mobile, un de plantilla e dous novos contratados. Que os horarios son os mesmos dende xuño. **Que se chegou a acordo no vulgado cun dos traballadores deste servizo por unha demanda que tiña presentada pola CIG**, e que hai outra pendente e tamén se tentara chegar a acordo.
- Formación.-
Se lle solicita a empresa a formación do ano 2018, comunicando que aínda non teñen coñecemento da mesma.
- Tiro.-
En relación a este tema se manifesta que o persoal do CHUVI, coa anterior empresa se lles abonaban 2 horas de tiro mais os quilómetros, e que ninguén lles informou por parte de Securitas que a empresa abonaba 3 horas e puña a disposición medio de transporte. Por este motivo os traballadores/as deste servizo se desprazaron no seu propio vehículo, polo que se solicita que a empresa abone a quilometraxe a quen empregou o seu vehículo para desprazarse.

Enderezo electrónico: cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Pedro Pérez Caride 663 075 080

Xose Ramón Robes Campos 679 354 491

Fructuoso Carballo Alvarez 666 085 437

Miguel A. Fernández Glez. 636 807 373

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

- Modificación de horario en Zona Franca.-
En relación a este tema, queremos dende a CIG poñer de manifesto que este tema xa se tratou nunha reunión do comité de empresa en abril de 2016, onde se pode ver na acta desa reunión o seguinte *"Tras requerimiento de una mayoría amplia de los trabajadores de cambio de horarios en la entrada y salida de los turnos, la parte social solicita que se estudien dichas pretensiones indicando esta que lo valorará."* O único problema que tiña a empresa con este tema era que lle prexudicaba economicamente, porque tería que abonar unha hora mais de nocturnidade na quenda de tarde, de aí a resposta da mesma en que ía a valorar. Agora hai quen quere enredar nisto; que se non estaba en coñecemento dos traballadores/as do servizo, que era descoñecido polas organizacións sindicais, ate se preocupan neste caso polas contas da empresa!!, non vaia ser que vaia a quebra por ter pagar unha hora mais na quenda de tarde. **Pois ben, nin antes nin agora nos move outro interese que non sexa o colectivo, e se o ano pasado a maioría dos traballadores/as do servizo prefería que o horario se modificara con quendas de (07:00 a 15:00-15:00 a 23:00-23:00 a 07:00), agora estando na mesma situación, nada cambiou para que isto mudara, ademais que dende a CIG xa dixeramos daquela que no momento oportuno fose por acordo coa empresa ou por calquera outra vía, o seguiríamos intentando xa que isto era en base ao que elixiran a maioría dos traballadores/as dos servizo, e de verdade pouco nos importa se isto lle crea tal problema económico a empresa que lle faga descadRAR o balance económico anual!!, (igualmente que no caso dos permisos retribuídos, isto é "coherencia"), non seremos nos quen lles faga cadRAR as contas, para iso xa están outros!, do mesmo xeito non nos move outro interese agora que o que nos moveu o ano pasado, o interese do colectivo.**

Para rematar, queremos facer un chamamento a responsabilidade, e como uns damos pasos atrás, para chegar a acordos, entendemos que outros tamén deben facer o mesmo, para tratar de acadar un acordo en beneficio de todos e todas. **A empresa está como quere sen un comité sen constituír, botar a culpa aos demais é mais do mesmo, pero en lugar diso, que tal si se deixan atrás personalismos e intereses persoais, e se chega a un acordo no cal todos/as nos poidamos sentir cómodos para traballar fronte a quen nos oprime, en lugar de defender os intereses do capital, e poñámonos a traballar na defensa dos traballadores/as, nos xa o estamos a facer, e se temos que seguir facéndoo de xeito solitario seguiremos, aínda que entendemos que non é o mellor xeito.**

Que non se anden a buscar mais xustificacións, para facer o que se está desexando dende hai tempo, todos e todas sabedes cal é a posición da CIG, e uns calan por omisión e outros por medo a perder o que conseguiron hai anos. **Con esta situación tan só hai un beneficiado, e non son precisamente os traballadores/as. Nos seguiremos defendendo os intereses dos**

Enderezo electrónico: cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Pedro Pérez Caride 663 075 080 Xose Ramón Robes Campos 679 354 491

Fructuoso Carballo Alvarez 666 085 437 Miguel A. Fernández Glez. 636 807 373

CIG INFORMA

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

compañeiros/as pero isto non quere dicir que nos agrade a situación que estamos a vivir, por iso voltamos a facer este chamamento como xa fixemos hai uns meses. Algúns din que non se van a facer actas, pero que non queiran asinalas non quer dicir que non se vaian facer, será responsabilidade de que non as queira asinar. É certo que non hai Presidente nin Secretario, pero si hai delegados elixidos democráticamente nunhas eleccións, nos guste mais ou menos o resultado, pero é o que é, e todos/as debemos traballar a prol dos intereses dos traballadores/as. **O egoísmo xunto co ego, non nos leva a nada, dende a CIG, xa demostramos que estamos na liña de acadar acordos, por iso presentamos un Regulamento do Comité que se aprobou, coa intención de que nos sentiramos todos cómodos para levar a cabo o noso traballo, o cal quedou aberto a posíbeis modificacións se o enriquecía e melloraba, pero aínda así se visualiza que os esforzos son en van, pero isto non nos vai deter, todo o contrario seguiremos nesta liña e ogalla se busque unha solución canto antes.**

Enderezo electrónico: cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Pedro Pérez Caride 663 075 080 Xose Ramón Robes Campos 679 354 491

Fructuoso Carballo Alvarez 666 085 437 Miguel A. Fernández Glez. 636 807 373